

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE (IN VOCE) CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 5 DE OUTUBRO DE 2015

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño (A Coruña) ás 11:10 horas do día 5 de outubro de 2015, baixo a Presidencia do Sr. alcalde don Ricardo Alejandro Matías Sánchez Oroza, reúnense en sesión extraordinaria e urxente, convocada "in voce", os seguintes concelleiros e concelleiras e funcionarios de carreira:

SRES.CONCELLEIROS PRESENTES.-

DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO (PSdeG - PSOE)
DONA MARÍA CATALINA MORADO FARIÑA (PSdeG - PSOE)
DON AGUSTÍN SANZ HORCAJO (PSdeG - PSOE)
DONA MARINA VARELA LAGE (PSdeG - PSOE)
DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)
DON JOSÉ AGUSTIN ANDRÉS ANDRÉS (PP)
DONA ANA ISABEL PICOS FREIJOMIL (PP)
DON JOSÉ PAZ CASAL (PP)
DON MOISÉS DOPICO LONGUEIRA (PSdeG - PSOE)

SRES.CONCELLEIROS AUSENTES.-

DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSdeG - PSOE)
DONA JOSEFINA ROMEU PÉREZ (PP)
DON ANTONIO DOCE LOURIDO (PP)

SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-

DONA ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

Pola Alcaldía explícase que a urxencia do presente pleno vén motivada pola necesidade de aprobar os proxectos antes de continuar cos expedientes, xa que o prazo para xustificar a subvención solicitada para estes remata en breve, procedéndose a continuación a ratificar a urxencia da sesión, ao abeiro do establecido no Art. 79 do ROF, sendo a dita urxencia ratificada por unanimidade dos concelleiros presentes (10 votos a favor do Grupo mixto, do PSOE e do PP, sendo trece o número legal de membros da Corporación).

2º.- APROBAR O PROXECTO DE "EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE MIÑO", REDACTADO POLO ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL JUAN MANUEL REY GÓMEZ, NOS TERMOS SINALADOS NO ARTIGO 198.5 DA LOUGA, TODA VEZ QUE O PROXECTO CUMPRE CO PXOM, COA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA E DE PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía

"Vista a subvención solicitada ao Instituto Enerxético de Galicia para levar a cabo un proxecto de eficiencia enerxética no alumeado público do Concello de Miño.

Visto o proxecto técnico de "eficiencia enerxética no alumeado público do Concello de Miño, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Rey Gómez.

Visto que segundo o punto 8 do artigo 19 das bases reguladoras resulta necesario a aprobación do proxecto de inversión polo órgano municipal competente nos termos previstos no artigo 198.5 da LOUGA.

Visto o disposto no artigo 198.5 da LOUGA no que se establece que as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do planeamento en vigor.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial no que se establece que o as obras incluídas no memoria técnica valorada cumpren co PXOM, coa lexislación urbanística e de protección do medio rural.

Visto canto antecede esta alcaldía propón ao pleno municipal a adopción do seguinte **acordo:**

1º.- Aprobar o proxecto "eficiencia enerxética no alumado público do Concello de Miño", redactado polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Rey Gómez, nos termos sinalados no artigo 198.5 da LOUGA, toda vez que o proxecto cumpre co PXOM, coa lexislación urbanística e de protección do medio rural."

Visto que o presente punto foi obxecto do correspondente ditame da Comisión informativa de asuntos xerais que se realizou o día 5 de outubro de 2015, na que tiveron lugar as seguintes intervencións:

A Sra. secretaria explica que se trata de aprobar o proxecto de eficiencia enerxética do alumado, que volve estar redactado polo mesmo enxeñeiro que redactou o proxecto da caldeira do local social da Rúa. E que este expediente é mancomunado con outros concellos.

O Sr. alcalde expón que este expediente se pode revisar con tranquilidade, xa que as obras son as de menor urxencia porque cre que se xustifica o 30 de outubro.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta se o expediente está revisado.

A Sra. secretaria responde que hai un informe do enxeñeiro técnico municipal, que é o que pide a orde da subvención, de que cumpre cos termos do artigo 198 da LOUGA.

O Sr. alcalde expón que está tentando impulsar un estudo enerxético de todos os puntos de consumo do concello para ver se se pode baixar o que se está pagando na facturación de luz; para iso xa lle trouxeron dúas ou tres empresas unha taxa de investimento e de retorno. En relación coa expediente das luminarias de Leiro xa se pediron dous orzamentos máis, porque tendo en conta o expediente da caldeira da Rúa, preguntouse se é obrigatorio que executen os traballos a mesma empresa que está tramitando a subvención. O primeiro pedido de orzamentos foi co expediente das carteleiras e vendo as diferenzas de prezos, xa que o orzamento desta empresa é de 26.000 euros e os outros son de 12.000 e 13.000 euros, xa se lle dixo á empresa que este non o van executar. En canto ao da iluminación de Leiro, como non é obrigatorio que quen tramitou a subvención faga os traballos, pois vanse pedir outros orzamentos, que deberán cumprir tamén coa normativa vixente en termos de aforro enerxético e co que pide a solicitude do INEGA; é dicir, están pedidos novos orzamentos e revisión do proxecto de execución. E o mesmo di para o punto dos paneis solares do Náutico, pedíronse novos orzamentos; neste caso o prazo de vencemento para a realización e xustificación das obras é o 15 de outubro, polo tanto é o que máis urxe; xa hai pedidos outros dous orzamentos, a unha empresa de Bergondo e a outra que non lembra de onde é, unha entregouno e outra está pendente; o orzamento que presentaron está un pouco por debaixo do orzamento de Intecner, pero que lle fixeron saber que é moito máis aclaratorio todo o tema de partidas de obra neste último orzamento. Polo que dixeron as empresas hai un prazo de poucos días para comunicarlle á empresa a aceptación do orzamento e que así entre en termo a execución do proxecto.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta cal é o problema.

O Sr. alcalde responde que non quere que lle pase como no expediente da caldeira.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín insiste en saber cal é o problema, xa que quedan cinco días e vaise perder a subvención.

O Sr. alcalde expón que por perder a subvención non vai poñer a sinatura nunha cousa que non sexa correcta.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que hai que facer o expediente administrativo.

O Sr. alcalde expón que o expediente administrativo se está a facer e que o vai levar ao límite ata saber que o proxecto que imos executar e seus orzamentos garantan a

subvención e que o diñeiro que se gaste sexa o mínimo indispensable para que iso se faga nas condicións nas que se debe facer.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que non debe de esgotar o prazo.

O Sr. alcalde expón que o prazo da empresa da caldeira, que é o máis caro, está máis que esgotado.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o expediente da caldeira que o entende como un erro administrativo.

O Sr. alcalde expón que son catro expedientes que levaba a mesma empresa, e que no primeiro que revisa hai un sobrecusto na facturación do 100%.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta se os outros tres están adxudicados.

O Sr. alcalde responde que non, que non permite que se adxudique ata non ter a certeza de quen se leve o proxecto sexa a quen lle corresponda. E que hoxe simplemente hai que informar sobre a aprobación dos proxectos que se traerán a un pleno dentro de dous ou tres días.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que á vista de todo o que se viu ata o de agora, que se debería de verificar, que o alcalde di que pediu novos orzamentos e que o ve axeitado, e tamén cal é a empresa e os técnicos que realizaron os traballos de campo, cal é a empresa que tramitou o papeleo para obter a subvención e pregunta quen redactou o proxecto.

A Sra. secretaria expón que o enxeñeiro citado.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se a empresa competente para a elaboración do expediente da subvención é o concello.

O Sr. alcalde responde que si.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que polo que ve non se licitou.

O Sr. alcalde expón que o dos paneis si urxe definilo porque se non non lle dá tempo a executalos antes do quince.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que se axilice o máis posible. E que o ideal é non perder a subvención.

A Sra. secretaria expón que agora só hai que aprobar o proxecto.

O Sr. alcalde expón que el quere que cando se aprobe o proxecto xa se saiba a quen se lle vai adxudicar, por iso quere enviar toda a documentación por correo electrónico a todos os concelleiros.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que habería que facer o pleno mañá.

O Sr. alcalde expón que se pode facer o pleno urxente hoxe para aprobar o proxecto, pero o que non quere é adxudicar a obra sen o consenso do pleno a quen se lle vai a dar. E que non se quere topar co mesmo problema que no expediente da caldeira.

Polo PSOE o Sr. Agustín Sanz Horcajo expón que el cre que se pode facer unha comparativa de prezos cos distintos orzamentos.

O Sr. alcalde expón que o enxeñeiro técnico municipal xa fixo esta comparativa de prezos.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta se o alcalde revisou o proxecto e se hai informe do técnico municipal.

O Sr. alcalde responde que si. E pregunta se o enxeñeiro é o mesmo se se pode estar no mesmo inconveniente.

A Sra. secretaria responde que se a empresa adxudicataria é a mesma puidera ser.

O Sr. alcalde expón que se deslinde o problema e que se siga para adiante.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que os pasos a seguir cre que son saber de quen cobrou o enxeñeiro proxectista e se foi da empresa adxudicataria...

A Sra. secretaria expón que se vai revisar.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que este proxecto pode valer e aprobarse e logo que se execute cunha empresa distinta. O que non sería correcto é que o técnico que redacta o proxecto teña relación contractual coa empresa que executa o proxecto, porque hai unha vantaxe comparativa cos posibles adxudicatarios. E pregunta se a porcentaxe é a mesma aínda que se lle adxudique a outra empresa.

A Sra. secretaria responde que non o sabe, que vai ler as bases e chamar ao INEGA.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que na documentación que consta no expediente o orzamento é de 25.000 euros e o INEGA subvencionaba o 75%, e que o alcalde di que pediu outros orzamentos que estaban nuns 12.000 euros

O Sr. alcalde responde que é o dos carteis; pero que hai un investimento mínimo. que ter unhas características moi concretas e que se non o INEGA non as admite.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que se expedirá un certificado, que as empresas revisarán iso e que logo o técnico municipal tamén o revisará.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que vai poñer un exemplo. Se o proxecto son 26.000 euros e a subvención é de 13.000 euros, logo o custe neto para o concello serían 13.000 euros. Pero se conseguimos que a obra a fagan por 12.000 e pico euros, aínda que perdamos a subvención nos dá igual, porque incluso nos sae máis económico.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que hai que pedirlle permiso á Deputación para poñer os carteis, porque a estrada é provincial. E preguntalle ao alcalde que explique o do proxecto que indicou antes.

O Sr. alcalde explica que está pedindo orzamentos para que fagan un estudo sobre a facturación.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que polo seu grupo xa se poden aprobar os proxectos.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo concorda en aprobar os proxectos e que o tema da adxudicación haberá que tratalo á parte, tentando non perder a subvención.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que se se perde a subvención, para o ano se se quere volver pedir vaise ter problemas.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que haberá que facer o estudo de retorno.

O Sr. alcalde expón que no expediente dos paneis estamos moi apertados de tempo e que vai enviar os orzamentos por correo electrónico, e que se vale xa non se perde máis tempo e se lle di a esta xente que o execute.

A Sra. secretaria expón que antes de pagalos vaise pedir toda a documentación que se falou aquí e chamar ao INEGA.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que tamén hai un prazo para pagalos.

A continuación sométese a proposta de alcaldía a votación co seguinte resultado: 10 votos a favor do Grupo Mixto, do PSOE e do PP, polo que a proposta de aprobación do proxecto de "eficiencia enerxética no alumado público do concello de miño", redactado polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Rey Gómez, nos termos sinalados no artigo 198.5 da LOUGA, queda ditaminada favorablemente por maioría absoluta dos concelleiros integrantes da mesma.

A continuación ábrese na sesión plenaria a rolda de intervencións:

A Sra. secretaria expón que se trata de aprobar os proxectos. E que logo se reunirán todos os membros da Corporación para ver a quen se adxudica e a quen non.

O Sr. alcalde expón que o que temos ata hoxe é un orzamento máis sobre os paneis do Náutico, e que lle vai pedir ao enxeñeiro técnico municipal que o envíe por correo electrónico a todos.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta se pediu tres orzamentos.

O Sr. alcalde expón que se pediu a dúas empresas seguro, pero que ata o venres só chegara un único orzamento dunha empresa de Bergondo.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta se se pode adxudicar así, e que non lle ve inconveniente en adxudicala xa.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria da proposta de acordo co seguinte resultado: 10 votos a favor do Grupo Mixto, do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por maioría absoluta dos concelleiros:

1º.- Aprobar o proxecto "eficiencia enerxética no alumeado público do Concello de Miño", redactado polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Rey Gómez, nos termos sinalados no artigo 198.5 da LOUGA, toda vez que o proxecto cumpre co PXOM, coa lexislación urbanística e de protección do medio rural.

3º.- APROBAR O PROXECTO DE INVERSIÓN INCLUÍDO MEMORIA TÉCNICA VALORADA PARA A INSTALACIÓN SOLAR TÉRMICA PARA O SUBMINISTRO DE AQS NO CLUB NÁUTICO DE MIÑO, REDACTADO POLO ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL JUAN MANUEL REY GÓMEZ, NOS TERMOS SINALADOS NO ARTIGO 198.5 DA LOUGA, TODA VEZ QUE O PROXECTO CUMPRE CO PXOM, COA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA E DE PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía

"Vista a subvención solicitada ao Instituto Enerxético de Galicia para a instalación solar térmica para o subministro de AQS no Club Náutico de Miño.

Vista a memoria técnica valorada para a instalación solar térmica para o subministro de AQS no Club Náutico de Miño, redactada polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Rey Gómez.

Visto que segundo o punto 8 do artigo 19 das bases reguladoras resulta necesario a aprobación do proxecto de inversión polo órgano municipal competente nos termos previstos no artigo 198.5 da LOUGA.

Visto o disposto no artigo 198.5 da LOUGA no que se establece que as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do planeamento en vigor.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial no que se establece que o as obras incluídas na memoria técnica valorada cumpren co PXOM, coa lexislación urbanística e de protección do medio rural.

Visto canto antecede esta alcaldía propón ao pleno municipal a adopción do seguinte **acordo:**

1º.- Aprobar o proxecto de inversión incluído memoria técnica valorada para a instalación solar térmica para o subministro de AQS no Club Náutico de Miño, redactada polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Rey Gómez, nos termos sinalados no artigo 198.5 da LOUGA, toda vez que o proxecto cumpre co PXOM, coa lexislación urbanística e de protección do medio rural."

Visto que o presente punto foi obxecto do correspondente ditame da Comisión informativa de asuntos xerais que se realizou o día 5 de outubro de 2015, na que non tiveron lugar intervencións, obtendo a proposta de alcaldía 10 votos a favor do Grupo Mixto, do PSOE e do PP, polo que a aprobación do proxecto de inversión incluído memoria técnica valorada para a instalación solar térmica para o subministro de aqs no Club Náutico de Miño, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Rey Gómez, nos termos sinalados no artigo 198.5 da LOUGA, quedou ditaminada favorablemente por maioría absoluta dos concelleiros integrantes da mesma.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria da proposta de acordo co seguinte resultado: 10 votos a favor do Grupo mixto, PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por maioría absoluta dos concelleiros:

1º.- Aprobar o proxecto de inversión incluído memoria técnica valorada para a instalación solar térmica para o subministro de AQS no Club Náutico de Miño, redactada polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Rey Gómez, nos termos sinalados no artigo 198.5 da LOUGA, toda vez que o proxecto cumpre co PXOM, coa lexislación urbanística e de protección do medio rural.

4º.- APROBAR INICIALMENTE A MODIFICACIÓN DO ANEXO III DO ACTUAL REGULAMENTO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MIÑO PARA A SÚA ADAPTACIÓN AOS ACTUAIS MODELOS DE CONTRATOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía

"Vista a acta de inspección de servizos sociais, da Consellería de Traballo e Benestar de data 07.07.2015, na que se fai entrega dos modelos de contratos, tanto de libre concorrencia como dependencia (Anexo III).

Visto que resulta necesaria a modificación do Anexo III do actual regulamento municipal de axuda no fogar do Concello de Miño para a súa adaptación aos actuais modelos de contratos, esta alcaldía propón ao pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do do Anexo III do actual regulamento municipal de axuda no fogar do Concello de Miño para a súa adaptación aos actuais modelos de contratos.

2º.- Someter o expediente a información pública, durante o prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio no BOP da Provincia e taboleiro municipal.

3º.- No suposto de que non se presentasen alegacións considerárase definitivo o acordo, ata entón, provisional."

Visto que o presente punto foi obxecto do correspondente ditame da Comisión informativa de asuntos xerais que se realizou o día 5 de outubro de 2015, na que tiveron lugar as seguintes intervencións:

A Sra. secretaria explica que veu unha inspección e dixo que os modelos de contrato que se están utilizando, e que están reflectidos no anexo da ordenanza non son correctos, que hai uns modelos tipo aos que nos temos que adaptar. E que basicamente é modificar o anexo III para adaptarnos.

O Sr. alcalde expón que foron os da inspección os que enviaron os modelos.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo solicítalle á secretaria que explique os cambios.

A Sra. secretaria expón que é un modelo tipo que a Xunta solicita que adoptemos, que hai dous modelos distintos segundo sexa libre concorrencia ou dependencia, e que nos tiñamos un modelo único.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que polo que viu a inspección detectou varios expedientes que non estaban ben.

A Sra. secretaria responde que si, que detectou varias cousas que non estaban correctas, por exemplo que o servizo non se prestaba todos os días e que si hai que prestalo, de feito cando se sacou a licitación recollíase un prezo para días festivos e outro para días laborables.

A continuación sométese a proposta de alcaldía á votación co seguinte resultado: 10 votos a favor do Grupo mixto, PSOE e PP, polo que proposta de "Aprobar inicialmente a modificación do anexo III do actual Regulamento municipal de axuda no fogar do Concello de Miño para a súa adaptación aos actuais modelos de contratos" queda ditaminada favorablemente por maioría absoluta dos concelleiros integrantes da mesma.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria da proposta de acordo co seguinte resultado: 10 votos a favor do Grupo mixto, do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por maioría absoluta dos concelleiros:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do do Anexo III do actual regulamento municipal de axuda no fogar do Concello de Miño para a súa adaptación aos actuais modelos de contratos.

2º.- Someter o expediente a información pública, durante o prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio no BOP da Provincia e taboleiro municipal.

3º.- No suposto de que non se presentasen alegacións considerárase definitivo o acordo, ata entón, provisional.

5º.- ACORDAR O DESESTIMIENTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SEGURO QUE CUBRA OS RISCOS DERIVADOS DO USO E CIRCULACIÓN DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE MIÑO, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 155 DO TRLCSP, CON FUNDAMENTO NAS RAZÓN EXPOSTAS NO INFORME CONXUNTO DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN MUNICIPAL.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía

"Visto que por resolución de la Alcaldía de fecha 10.08.2015 (Res. Núm. 888/2015) se aprobó el expediente para contratar el seguro que cubra los riesgos derivados del uso y circulación de la flota de vehículos del Concello de Miño.

Visto que con fecha de 26.08.2015 se publica el anuncio de licitación en el BOP (Nº 162) así como en el perfil de contratante, y en la Voz de Galicia.

Visto que durante el plazo de presentación de ofertas se presentan por parte de la empresa AXA SEGUROS GENERALES S.A. y HELVETÍA COMPAÑÍA SUIZA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS.

Visto que con fecha de 15 de septiembre de 2015 se presenta un ruego por parte del grupo municipal PSdeG – PSOE, en el que se pone de manifiesto que el expediente de contratación ha sido aprobado por órgano incompetente, al exceder la duración del contrato de los cuatro años.

Visto cuanto antecede se solicita informe respecto de la posibilidad de aplicar al expediente para la contratación del seguro que cubra los riesgos derivados del uso y circulación de la flota de vehículos del Concello de Miño, la figura del desistimiento prevista en el art. 155 del TRLCSP.

Visto que con fecha de 22 de septiembre de 2015 se emite informe conjunto por la secretaría e intervención municipal en el que se concluye que se considera aplicable, al supuesto de hecho aquí estudiado, la figura del desistimiento a que hace referencia el art. 155 del TRLCSP, al considerar suficientemente acreditado el interés público, para evitar que los errores en la preparación del contrato vicien toda la actividad posterior, debiendo de reiniciarse por el órgano de contratación competente el procedimiento.

Visto cuanto esta Alcaldía propone al pleno municipal la adopción del siguiente acuerdo:

Primero.- Acordar el desistimiento del expediente de contratación de un seguro que cubra los riesgos derivados del uso y circulación de la flota de vehículos del Concello de Miño, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 155 del TRLCSP, con fundamento en las razones expuestas en el informe conjunto de secretaría e intervención municipal.

Segundo.- Dar publicidad del acuerdo que se adopte en el perfil del contratante del Concello de Miño, así como notificarlo a las empresas que han presentado oferta.

Tercero.- Manifestar que contra la presente resolución, que agota la vía administrativa, podrá interponerse recurso potestativo de reposición ante el alcalde - presidente, en el plazo de un mes, de conformidad con los artículos 116 y 117 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre de 1992. Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. Sin perjuicio de lo anterior cabrá interponer recurso contencioso administrativo ante el Juzgado Contencioso Administrativo de la Coruña, de conformidad con lo previsto en la ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso Administrativa, en el plazo de dos meses a contar desde el día siguiente a la recepción de esta notificación, o cualquier otro recurso que estime conveniente."

Visto que el presente punto fue objeto del correspondiente dictamen de la Comisión informativa de asuntos generales, que se celebró el día 5 de octubre de 2015, en la cual tuvieron lugar las siguientes intervenciones:

La Sra. secretaria explica que se va a desistir del contrato de seguros porque se aprobó por órgano incompetente, y pide disculpas por el error.

A continuación se somete a votación la propuesta de alcaldía con el siguiente resultado: 10 votos a favor del Grupo mixto, del PSOE y del PP, por lo que la propuesta relativa a "Acordar el desistimiento del expediente de contratación de un seguro que cubra los riesgos derivados del uso y circulación de la flota de vehículos del Concello de Miño" queda dictaminada favorablemente por mayoría absoluta de los concejales integrantes de la misma.

Seguidamente, en la sesión plenaria se procede a la votación ordinaria de la propuesta de acuerdo con siguiente resultado: 10 votos a favor del Grupo mixto, PSOE y PP (siendo trece el número legal de miembros de la Corporación), por lo que el Pleno municipal acuerda por mayoría absoluta de los concejales:

Primero.- Acordar el desistimiento del expediente de contratación de un seguro que cubra los riesgos derivados del uso y circulación de la flota de vehículos del Concello de Miño, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 155 del TRLCSP, con fundamento en las razones expuestas en el informe conjunto de secretaría e intervención municipal.

Segundo.- Dar publicidad del acuerdo que se adopte en el perfil del contratante del Concello de Miño, así como notificarlo a las empresas que han presentado oferta.

Tercero.- Manifiestar que contra la presente resolución, que agota la vía administrativa, podrá interponerse recurso potestativo de reposición ante el alcalde - presidente, en el plazo de un mes, de conformidad con los artículos 116 y 117 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre de 1992. Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. Sin perjuicio de lo anterior cabrá interponer recurso contencioso administrativo ante el Juzgado Contencioso Administrativo de la Coruña, de conformidad con lo previsto en la ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso Administrativa, en el plazo de dos meses a contar desde el día siguiente a la recepción de esta notificación, o cualquier otro recurso que estime conveniente.

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. alcalde dá por finalizada a sesión, ás 11:20 horas, de todo o cal como a secretaria dou fe.

O alcalde – presidente
Ricardo A.M. Sánchez Oroza

A secretaria municipal
Alejandra Rodríguez Menéndez